

Libros de verán para todas as idades

«Oíches iso, Tobías? Que os libros non teñen rodas! Pois claro que as teñen [...]. Rodas, remos, velas... mesmo ás, coma os paxaros. Queres facer a proba e viaxar un anaquiño con eles? [...] Apeteceríache coñecer a corte do emperador dos mongois, o temible Xenguis Khan? Viaxar á cara oculta da lúa? Dobrar o cabo de Boa Esperanza nun barco coa

tripulación a un paso de amotinar-se?». Esta é a airada resposta que ten que escoitar o protagonista dunha das lecturas de verán que aquí recomendamos. Airada e merecida, pois non se lle ocorreu outra que dicir que os libros son cousas que non serven «máis que para mirar para eles durante algúns minutos». > **Carlos Ocampo**

POR QUE? NIKOLAI POPOV

Kalandraka
É un libro que conta a historia, unha alegación contra a falta de sentido da guerra, só con imaxes. Esta obrinha fai, tamén ao público adulto, unha pregunta: por que non podemos vivir en paz e respectando ao outro? «Se os nenos e as nenas poden entender a insensatez da guerra [...], quizais no futuro se convertan en impulsores da paz», di o autor.


■ **PRELECTORES**



ELMER

DAVID MCKEE, texto e ilustracións
Kalandraka. Col. Tras Os Montes


A quen se lle ocorre pintar un elefante de cadros de cores? Pois isto fai de *Elmer* o álbum máis rechamante de todos os ilustrados que temos aquí. Este clásico da literatura infantil contemporánea, con 30 anos cumpridos dende a súa primeira edición, aborda o tema da necesidade de aceptarnos tal como somos e o de que os outros recoñezan, pola súa banda, a quen é diferente. ■ **A PARTIR DE 4 ANOS**



RING, RING...! QUEN RIMA?

ANA MARÍA FERNÁNDEZ
Ilustracións de **ENRIQUE LÓPEZ**
Hércules de Ediciones

Un poemario optimista, un canto a un mundo fermoso. 46 poemas para visitar outras paisaxes. Un libro para soñar e sorrir, para sentir. As coloridas ilustracións a lapis complementan unha versificación sinxela, na maior parte consoante e sonora, o que non impide que a autora empregue recursos máis complexos, como o verso de cabo roto ou a alternancia de bisílabos. Moitos poemas son descrições que prescindan de verbo, outros son mera musicalidade e ritmo, como «Ai, si! Ai, non!», e outros, xogos coas letras. ■ **MAIORES DE 6 ANOS**



«EU CONTO, TI CANTAS...»

MARÍA VICTORIA MORENO
Ilustracións de **MANOLO UHÍA**
Xerais

Non podíamos pasar por alto a María

Victoria Moreno, a autora de literatura infantil e xuvenil homenaxeada no Día das Letras Galegas. Para que a festa cobre sentido, cómpre estendela a todo o ano 2018, e non hai mellor xeito de celebralo que lendo as súas obras. Para os máis cativos escollemos este poemario, que reúne tres contos de animais, que recollen as historias da choruma que axuda a Xan a non ter medo da noite; a das vidas opostas dos canciños Nicolau e Correcamiños; e a da cadela Nica e os lazos que a unen ao neno Iván. ■ **DE 7 ANOS EN DIANTE**



EN LA CUNA DEL MAR

ANTONIO GARCÍA TEJIEIRO
Ilustracións de **XOSÉ COBAS**
Creutz

No nos dejaremos enganar por la aparente sencillez del resultado. El poemario de Antonio García Teijeiro, que ha escrito para adultos pero también ha ganado premios como poeta para el público infantil y juvenil, es un libro intimista pleno de emoción que pretende «despertar y avivar el gusto por la poesía a edades tempranas». Ayudan no poco las ilustraciones, a veces mínimas, a veces dalinianas, a sugerir el simbolismo de la expresión. ■ **DENDE 10 ANOS**



O SEGREDO DA VELLA LIBRERÍA

XABIER LÓPEZ LÓPEZ
Galaxia

A primeira vista semella outra novela máis para meter no corpo dos rapaces o bicho da lectura, co Gustavo perdido entre milleiros de libros e o vello libreiro falándolle das viaxes imaxinarias a bordo das súas páxinas. Pero vese axiña que a obra é moito máis. E non só polos constantes xiros da trama, que manteñen o interese da primeira á derradeira páxina, senón tamén porque nesta historia ninguén é quen di ser: nin o señor Marmaduke, nin Lois Simón, nin probablemente o gato Tobías, e menos que ninguén o desprezable señor Gabín. ■ **A PARTIR DE 10 ANOS**



INVENTARIO ILUSTRADO DE DINOSAURIOS

VIRGINIE ALADJIDI
Ilustracións de **EMMANUELLE TCHOUKRIEL**
Factoría K de Libros

Son 47 láminas destes grandiosos animais que dominaron a Terra ata hai 66 millóns de anos. As especies están agrupadas por períodos e amósanse segundo a paleontoloxía os reconstruíu a partir dos fósiles. O nome científico encabeza as láminas, que inclúen a clasificación e unha descrición de cadansúas singularidades e dos seus hábitos. O álbum de gran formato complétase cunha introdución que explica como se investiga en paleontoloxía e remata cunha listaxe de centros e museos españois e portugueses onde se pode ver estes animais en directo. ■ **A PARTIR DE 6 ANOS**



ANAGNÓRISE

MARÍA VICTORIA MORENO
Galaxia. Col. Costa Oeste

Outra proposta da homenaxeada nas Letras Galegas 2018, unha novela de amor que figura entre os libros máis lidos pola mocidade. O protagonista é Nicolau Arís, un rapaz con problemas que un día decide deixar os estudos e marchar a Madrid para dedicarse a negocios relacionados co tráfico da droga. A viaxe en autostop faina cunha muller anónima coa que fala durante as horas que dura o traxecto. Xa no destino, Nicolau e a súa amiga ocasional sepáranse sen que o rapaz saiba o nome dela, pero ao remate... ■ **PARA MOZOS**



O CURIOSO MUNDO DE CALPURNIA TATE

JACQUELINE KELLY
Factoría K de Libros

Esta é a continuación da novela *A evolución de Calpurnia Tate*. A protagonista, unha adolescente que en 1900 ten 13 anos, asiste aos novos inventos e avances científicos que ocorren no cambio de centuria. Consciente das barreiras de ser rapaza nunha sociedade tradicionalista como a da pequena vila texana na que vive, mantense firme na idea de es-



tudar unha carreira universitaria e afondar no coñecemento de Darwin e na observación do medio natural. Os copiosos datos sobre isto último espallados ao longo do texto constitúen un dos valores principais desta novela, áxil, abundosa en diálogos, escrita desde o punto de vista da súa protagonista nun ton amable e nun estilo lixeiro, non exento de humor. ■ **PARA MOZOS**

LA HISTORIA DE LA FILOSOFÍA (COMO NUNCA TE LA HABÍAN CONTADO)

MARCELINO AGÍS VILLAVERDE
Hércules de Ediciones

Para leer filosofía parece indispensable crear el ambiente adecuado: batín de raso con pantuflas de pana y borreguillo, pipa en ristre (como Kant) y una suave música de piano que dé sosiego al aire más serio y académico posible, pero es cierto que también puede haber otras formas de hacerlo. Y esta propuesta del profesor de la Universidad de Santiago lo demuestra en un ensayo que bien podría atraer a los numerosos bachilleres que no han cursado esta asignatura, que no es troncal, mientras esto no se remedia. Aunque se adentra en algunas explicaciones metafísicas, el libro está centrado en la presentación del personaje que muchos filósofos fueron y en los aspectos anecdóticos de sus vidas. ■ **PARA MAYORES Y ADULTOS**



¿MATEMÁTICAS O MATETRÁGICAS?

JESÚS VILLAGRÁ BARRIO
Montesinos

A estas alturas de la página, el lector ya habrá supuesto acertadamente que quien esto escribe no es ningún experto en el campo que aborda este libro, pero el juego de palabras del título es como un imán que invita a transportarse hasta sus páginas con idea de refrescar conocimientos en un viaje que se promete divertido. Su autor quiere abordar no ese lado pragmático de las matemáticas tan evidente, sino al que potencia «el amor a la creatividad improductiva», lo que conecta por el camino más corto con la teoría de los conocimientos inútiles que tanto placer provocaba a Álvaro Cunqueiro. Con esta premisa, el profesor Villagrà va avanzando a golpe de fórmulas y anécdotas, muchas extraídas de su experiencia lectiva. ■ **PARA EXPERTOS**

